

catálogo de arquitectura promovida desde a emigración, que ven sumarse aos que de xeito xeral, ou sectorial, se ten elaborado sobre este aspecto da historia noutros puntos da Galiza.

Ramón Iglesias Veiga, profesor no Instituto de Ensino Secundario “Pino Manso” do Porriño, posúe un extenso currículo como historiador en traballos relacionados coa arte e a arquitectura do século XIX e primeira metade do XX. Ten publicados numerosos libros e artigos de investigación sobre a arquitectura galega dese período, nomeadamente na bisbarra de Vigo, e é un estudoso da obra do arquitecto porriñés Antonio Palacios, do que ten publicados varios traballos en libros e revistas especializadas.

Son necesarios, e polo tanto benvidos, traballos como o que presentamos, que axudan a valorar e preservar a memoria escolar ligada a ese capítulo do noso pasado con fonda pegada, quer no noso patrimonio material, como nos amosa o profesor Ramón Iglesias Veiga, quer noutros aspectos do patrimonio inmaterial estudados por outros investigadores.

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
UDC



NÓVOA, A., MARCELINO, F., RAMOS DE Ó, J. (orgs.) (2012): *Sérgio Niza. Escritos sobre educação*. Lisboa: Edições Tinta da China, 708 pp.

Sérgio Niza (Campo Maior, 1940) é recoñecido en Portugal como un dos grandes educadores do tempo presente. Un educador que anoa unha imprescindíbel dimensión práctica educadora cunha constante ref exión teórica. Foi profesor de ensino primario e de educación especial entre os anos sesenta e comezos dos setenta. En Lisboa, no centro infantil Helen Keller integrou un proxecto pioneiro de integración escolar de nenos cegos, amblíopes e normovisuais, con prácticas educativas enlazadas coa pedagogía Freinet e coas anteriores orientacións do pedagogo portugués Antonio Sérgio, que profundou en experiencias posteriores en A-da-Beja.

Con Rui Gracio, outro dos educadores chave (tamén como Rogério Fernandes, outra personalidade marcante dos anos setenta e dos momentos máis vigorosos da *Revolução dos Cravos*), promoveu múltiples actividades de formación permanente do profesorado, tanto desde o Sindicato Nacional de Professores (da área progresista), como desde a Fundação Gulbenkian. Con Rosalina Gómes de Almeida fundara en 1966 o Movimento de Escola Moderna, por varias décadas referenciado á pedagogía Freinet, que no momento actual mantén unha importante vitalidade da que el forma parte. Entreviu en comisións redactoras dos programas escolares. Especializouse nos ámbitos da psicoloxía educacional, dos que igualmente foi docente.

Por todo isto sostén o profesor António Nóvoa que Niza “é a presenza máis constante, máis coherente e inspiradora da pedagogía portuguesa dos últimos 50 anos”, un período no que se ten batido pola transformación escolar, e por unha escola para todos. Así, pois, o libro presente é un rexistro, unha memoria e un arquivo de 112 textos longos, como curtos, producidos por Sergio Niza en todo este tempo. Desde o primeiro de 1965 (publicado no *Boletim do Sindicato dos Professores*) no que falaba do “diálogo e o perfeccionamento pedagóxico” ata o último recollido “Arrdor da investigación formadora” de 2010.

Unha ampla variedade de asuntos teñen chamado a súa atención: o cine e os nenos, as escolas do futuro, a escola e a transformación da sociedade, o Ano Internacional da Criança, os dereitos dos nenos, a educación democrática e a cooperación, lingua e comunicación-fala e escrita na escola, a integración educativa

de nenos deficientes, as condicións para a integración social (1981), o Movimento de Escola Moderna (MEM) como espazo de experimentación e de autoformación mediante a cooperación, unha pedagogía de contratos de traballo, o xornal de aula, xordeira e educación, da exclusión á inclusión na escola común, a construción funcional da linguaxe escrita, Freinet e Vigotsky, para unha escola da cidadanía (1997), contra a mercantilización do dereito á educación, a escrita como alicerce da profesión docente, o significado da obra de Freinet, traballo curricular e cooperación, o poder participado da construción da escrita na escola, a escrita como compromiso público da profesión docente, o contexto ecosistémico da formación, O MEM como comunidade de prácticas, contra a regresión á ‘educación especial’, ou, a formación da cidadanía democrática, entre outros. Aquí e acola saltan os referenciais de Freinet, Vigotski, Luria, Bruner, Laurent, Ferreira, Teberosky, ou Perrenoud, xunto a aquel conxunto de nomes e autores atentos á problemática da integración e da inclusión dos nenos con necesidades educativas específicas.

Unha intensa presenza organizada en forma de libro por tres historiadores e tamén amigos: António Nóvoa, Reitor da Universidade de Lisboa e recoñecido historiador da educación a escala internacional, Jorge Ramos mestre de historia contemporánea e membro do Instituto de Educação da Universidade de Lisboa e Francisco Marcelino, coordinador da revista *Escola Moderna* e director do Centro de Recursos e de Formación do MEM. Escritos para acompañar a reflexión pedagóxica: a pedagogía e historia; é cooperación; é atención ás diferenzas; é

democracia; é cultura. E aquí para todos un rexistro de grande interese para axudar a entender o mesmo presente escolar e educativo, ademais dunha feliz memoria, contra a desmemoria.

En 1998 Sergio Niza acompañounos en Galiza, en Celanova, na conmemoración dos 25 anos do reinicio da presenza da pedagogía Freinet.

Antón COSTA RICO
USC

CID GALANTE. R.M. (2013), *A escola normal de mestras de Ourense (1870-1970). A súa orixe e os seus emprazamentos*. Vigo, Universidade de Vigo: servicio de publicacións.

O libro da Escola Normal de Mestras de Ourense (1877-1970) é un estudo sobre a creación e traxectoria da Institución encargada da formación das mestras ourensás. Faise un seguimento dende a súa orixe ata o segundo terzo de século XX salientando os lugares nos que estivo asentada a Normal dende o Ex- Convento de Santo Domingo, pasando polo Hospital de San Roque, Instituto Provincial ata un edificio ad hoc que sería a denominada Vella Normal para, definitivamente, pasar á Cidade Escolar da que se ofrece no libro información inédita a cerca do arquitecto e deseño da mesma. A relevancia do estudo radica principalmente no coñecemento dun anaco de historia de Ourense e , concretamente, nun aprofundamento da historia educativa da cidade, así como o interese que as Administracións do momento puxeron na creación da Normal de mulleres, tendo en conta que este foi un dos ámbitos formativos e profesionais no que antes se viu “con normalidade”

o acceso da muller. Eles argumentaban que era para elevar o nivel cultural destas e para prover de mestras ás escolas da provincia.

O libro tamén achega información sobre a lexislación que regulou os estudos das Normais, programas educativos, docentes que impartiron na Normal de Ourense, escolas Anexas. Tamén hai testemuños de Mestres e mestras que achegan información moi rica a cerca das súas vivencias escolares e as lembranzas dos seus Mestres e mestras. O libro presenta numerosas citas documentais que ofrecen grande atractivo para o lector pois permiten coñecer de preto cales eran as negociacións e intereses por parte das Administracións para a creación da Escola Normal de Mestras. Por último, hai un capítulo dedicado ás primeiras mestras matriculadas no primeiro terzo de século XX en Ourense e onde se observa o incremento rápido das rexistradas nestes estudos pois nesta época, os estudos de maxisterio eran considerados idóneos para a muller. As ourensás non se quedaron atrás no interese por seguir formándose e por querer adquirir unha titulación que as habilitase para o exercicio da profesión docente.

Para a elaboración deste estudo manexáronse numerosas e variadas fontes de información que garanten a rigorosidade da investigación. Como a propia autora sinala é un primeiro paso para seguir avanzando no coñecemento da primeira institución de educación superior en Ourense e única durante moito tempo. Iste primeiro paso é moi sólido e rigoroso e abre as portas a estudos mais detallados por sectores ou por etapas históricas.

Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo